

I. Disposiciones xerais

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

21882 *ORDE APA/3321/2003, do 20 de novembro, pola que se modifican o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas oleaxinosas e o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas textiles.* («BOE» 287, do 1-12-2003.)

A Directiva 2003/45/CE da Comisión, do 28 de maio, que modifica a Directiva 2002/57/CE do Consello, do 13 de xuño, relativa á comercialización de sementes de plantas oleaxinosas e textiles, fai necesario modifica-lo Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas oleaxinosas, aprobado pola Orde do 1 de xullo de 1986 e modificado por última vez pola Orde do 5 de xuño de 2003, e o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas textiles, aprobado pola Orde do 1 de xullo de 1986 e modificado por última vez por Orde do 17 de xullo de 1996, co obxecto de incorporar ó ordenamento xurídico interno a citada Directiva 2003/45/CE.

Na elaboración desta orde foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo 1. Modificación da Orde do 1 de xullo de 1986 pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas oleaxinosas.

Modifícase o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas oleaxinosas, aprobado pola Orde do 1 de xullo de 1986, nos termos seguintes:

1. No capítulo IV, a alínea a), substitúuese polo seguinte:

«a) Requisitos dos procesos de producción: agás o disposto na alínea b) para as xeracións anteriores á semente de base, na alínea d) para a producción de semente de híbridos de xirasol e na alínea e) para a producción de semente de liñas parentais e híbridos de colza, os campos de producción de sementes teñen que cumpli-los requisitos que se sinalan no anexo número un.»

2. No capítulo IV suprímese a alínea e) e a alínea f) pasa a se-la alínea h).

3. No capítulo IV establecense as novas alíneas e), f) e g) co seguinte contido:

«e) Requisitos especiais para a producción de semente de liñas parentais e híbridos de colza:

e) 1. Cultivos anteriores.—O cultivo realizarase nun terreo no cal non se cultivasen crucíferas nos cinco últimos anos.

e) 2. Illamento.—A distancia a fontes de pole que poidan producir unha polinización estraña prexudicial será de polo menos 500 m no caso de producción de semente de base, e de polo menos 300 m no caso de producción de semente certificada. Estas distancias poderán non observarse cando exista unha protección suficiente contra calquera polinización estraña non deseable.

e) 3. Plantas fóra de tipo.—As porcentaxes máximas admitidas de plantas fóra de tipo serán as seguintes:

Para a producción de semente de base:

Se a semente de base é unha liña pura: 0,1 %
Se a semente de base é un híbrido simple:

Parental masculino: 0,1 %

Parental feminino: 0,2 %

Para a producción de semente certificada:

Parental masculino: 0,3 %

Parental feminino: 1,0 %

e) 4. Androesterilidade.—Cando se utilice un compoñente androestéril, o seu contido máximo admitido en plantas capaces de emitir pole será o seguinte:

Producción de semente de base: 1 %

Producción de semente certificada: 2 %

Estas porcentaxes determinaranse examinando as flores para comproba-la ausencia de anteras fértils.

e) 5. Inspeccións.—O número de inspeccións de campo será de tres como mínimo: a primeira antes da floración, a segunda ó comezo da floración, e a terceira ó final desta.

f) Requisitos das sementes: as sementes das distintas categorías teñen que cumpli-los requisitos que se sinalan no anexo número dous, salvo os correspondentes a pureza varietal das sementes parental e híbrida de colza, que serán os que figurán na alínea g).

g) Requisitos especiais da semente parental e híbrida de colza:

No caso de híbridos de colza producidos utilizando androesterilidade, a semente terá suficiente identidade e pureza en canto ás características varietais dos seus compoñentes, incluíndo, segundo os casos, a androesterilidade ou a restauración da fertilitade.

A pureza varietal mínima da semente será a seguinte:

| Tipo de semente | Pureza varietal mínima (%) |
|--|----------------------------|
| Semente de base (compoñente feminino) | 99,0 |
| Semente de base (compoñente masculino) | 99,9 |
| Semente certificada | 90,0 |

Para poder precinta-la semente certificada será necesario dispoñer de resultados satisfactorios dun poscontrol oficial en campo realizado con mostras de semente de base tomadas oficialmente e levado a cabo durante o mesmo período vexetativo en que se está producindo a semente certificada, co fin de confirmar que as sementes de base cumpren os requisitos establecidos en canto a identidade e pureza, incluída a androesterilidade.

A pureza varietal da semente híbrida comprobarase por medio de ensaios oficiais de poscontrol realizados con mostras tomadas oficialmente.

Tanto para a semente de base como para a certificada de híbridos de colza, a pureza varietal pode rase avaliar mediante métodos bioquímicos adecuados, en lugar de mediante ensaios de poscontrol en campo.»

4. No capítulo VIII, ó final da alínea e), engádese o seguinte parágrafo:

«Nas etiquetas de asociacións varietais, en lugar do nome da variedade farase consta-la indicación “asociación varietal” e o seu nome, e indicaranse as porcentaxes en peso dos distintos compoñentes desagregados por variedades. É suficiente menciona-la denominación da asociación varietal, se se lle dá por escrito a composición desta ó comprador, e se a dita denominación se rexistrou oficialmente.»

Artigo 2. Modificación da Orde do 1 de xullo de 1986, pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas téxtils.

Modifícase o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas téxtils, aprobado pola Orde do 1 de xullo de 1986, nos termos seguintes:

1. No capítulo IV, a alínea a) substitúese pola seguinte:

«a) Requisitos dos procesos de producción: agás o disposto na alínea b) para as xeracións anteriores á semente de base e na alínea d) para a producción de semente de liñas parentais e híbridos de algodón, os campos de producción de sementes teñen que cumplir los requisitos que se sinalan no anexo número un.»

2. No capítulo IV, as alíneas d) e e) pasan a ser respectivamente e) e f).

3. No capítulo IV, a seguir da alínea c), inclúese unha nova alínea d):

«d) Requisitos especiais para a producción de semente de liñas parentais e híbridos de algodón:

d) 1. Illamento.—As distancias mínimas a fontes de pole que poidan producir unha polinización estraña prexudicial serán as seguintes:

Para a producción de semente de base de liñas parentais de *Gossypium hirsutum*: 600 m.

Para a producción de semente de base de liñas parentais de *Gossypium barbadense*: 800 m.

Para a producción de semente certificada de híbridos intraespecíficos de *Gossypium hirsutum*: 200 m.

Para a producción de semente certificada de híbridos intraespecíficos de *Gossypium barbadense*: 600 m.

Para a producción de semente certificada de híbridos interespecíficos de *Gossypium hirsutum* e *Gossypium barbadense*: 600 m.

Estas distancias poderán non observarse cando exista unha protección suficiente contra calquera polinización estraña non deseable.

d) 2. Plantas fóra de tipo.—As porcentaxes máximas admitidas de plantas fóra de tipo serán as seguintes:

Para a producción de semente de base: 0,2 %
Para a producción de semente certificada: 0,5 %

Estas porcentaxes esixiranse a partir do momento en que polo menos un 5 % das plantas do parental feminino teña flores receptivas ó pole.

d) 3. Androesterilidade.—No parental feminino, o contido máximo admitido de plantas capaces de emitir pole será o seguinte:

Producción de semente de base: 0,1 %
Producción de semente certificada: 0,3 %

Estas porcentaxes determinaranse examinando as flores para comproba-la ausencia de anteras férteis.

d) 4. Inspeccións.—O número de inspeccións de campo será de tres como mínimo: a primeira ó comezo da floración, a segunda antes do final da floración, e a terceira ó final dela, tras elimina-las plantas do parental masculino.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta disposición díctase ó abeiro do artigo 149.1.13 da Constitución que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta disposición entrará en vigor o día 31 de decembro de 2003.

Madrid, 20 de novembro de 2003.

ARIAS CAÑETE

XEFATURA DO ESTADO

22066 LEI 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade. («BOE» 289, do 3-12-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

En España, segundo a enquisa sobre discapacidades, deficiencias e estado de saúde (Instituto Nacional de Estatística, 1999), hai arredor de 3,5 millóns de persoas con algunha discapacidade.

As persoas con discapacidade constitúen un sector de poboación heteroxéneo, pero todas teñen en común que, en maior ou menor medida, precisan de garantías suplementarias para vivir con plenitude de dereitos ou